

MELLOR LOCAL. MELLOR GALEGO.

NO
COMERCIO
LOCAL HAI
DE TODO!

bng 

BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO



Na Galiza contamos cunha terra e un mar excepcionais, cunha riqueza e un potencial inmensos que nos permiten producir alimentos de calidade extraordinaria. Porén, día tras día, observamos como o goberno do PP na Xunta de Galiza escolle ignorar o sector primario, a industria de transformación e o comercio de proximidade.

O PP promove un modelo de consumo enfocado en favorecer grandes áreas comerciais de capital estranxeiro, que empobrece o noso tecido económico, prexudica a saúde da poboación e fomenta estilos de vida deshumanizados.

Desde o **Bloque Nacionalista Galego** defendemos que o consumo e a aposta polos produtos galegos ten que ser unha prioridade na política económica, de comercialización e mesmo de comunicación da Xunta de Galiza.

Defendemos que as persoas produtoras galegas teñen dereito a recibir o máximo beneficio pola súa actividade, convertendo os sectores agrogandeiro, pesqueiro e marisqueiro, así como as industrias de transformación e comercialización, en motores de creación de emprego e dinamización económica, algo que Galiza precisa urxentemente.

Por iso, no BNG apostamos por:

- **Promover o consumo de produtos locais e galegos**, incentivando a etiquetaxe en lingua galega.
- **Enfrontar a instalación de grandes superficies comerciais** de capital transnacional na Galiza.
- **Recuperar e revitalizar os mercados municipais** e as zonas comerciais tradicionais (feiras etc).
- **Fomentar a produción alternativa e ecolóxica.**
- **Impulsar unha marca de calidade e identificación da orixe para produtos hortícolas, pesqueiros e marisqueiros**, e garantir prezos xustos para o leite galego.
- Regular os horarios comerciais para favorecer un modelo sustentábel.
- Crear liñas de crédito prioritarias para o comercio de proximidade e promover alternativas galegas de venda en liña.
- Ofrecer axudas para a creación e mellora de establecementos que comercialicen produtos autóctonos.

Apoiar o comercio de proximidade é fundamental para xerar riqueza, revitalizar as nosas cidades e vilas, e combater a despobamento dos concellos. Modificar hábitos de consumo, apostar pola nosa economía e dar visibilidade á alta calidade dos produtos galegos está ao noso alcance. Temos un comercio e uns produtos excelentes, e no BNG cremos que deben ser defendidos e impulsados.

**MELLOR
LOCAL.
MELLOR
GALEGO.**

bng 
BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

**APOSTA POLO
COMERCIO
LOCAL E O
PRODUTO
GALEGO!**



Teléfono: 981555850
Correo: sedenacional@bng.gal
Web: www.bng.gal